

ROSALÍA DE CASTRO (1837-1885)

1. BIOGRAFÍA



Nace en Santiago de Compostela o 24 de febreiro do ano 1837.

Bautizada o 24 de febreiro de 1837, como "filla de pais incógnitos", na capela do Hospital Real, en Santiago de Compostela, a identidade do pai de Rosalía de Castro, o sacerdote **José Martínez Viojo**, permaneceu sempre envolta no misterio.

En 2011 publícase o único documento coetáneo que fala claro nesta cuestión. Trátase dun texto privado, redactado polo farmacéutico padronés **Ángel Baltar Varela**, amigo do matrimonio Murguía– Castro, quen, o día posterior ao da morte de Rosalía de Castro, redacta esta recensión biográfica de urxencia, no seu libro de apuntamentos:

“El 15 de julio de 1885 a la una de la tarde murió en la Matanza, casa llamada de Yáñez, la insigne poetisa gallega Doña Rosalía Castro de Murguía. Se le dio sepultura el 16 (día del Carmen) en el cementerio de Iria a las 10 de la mañana, cerca de la puerta del osario, hacia la parte del sur.

Era hija natural de Doña Teresa de Castro y un capellán llamado Don José Martínez. Se crió, educó en la casa de sus abuelos maternos, frente a la capilla de la Venerable Orden Tercera y que hoy pertenece a D. Juan Gende. Padrón, 16 de julio de 1885”.

A familia paterna de Rosalía de Castro difundiu unha lenda de abandono, segundo a cal a nai quixo desentenderse da nena e só serodiamante se ocupou dela. Mais a realidade documental veu contradicir esta versión. En 1997 déronse a coñecer os datos do censo de habitantes de Padrón, en 1842, no que figuran, empadroadas no mesmo domicilio, Teresa de Castro e a súa filla Rosalía.

Este documento é, tamén, o primeiro recoñecemento oficial da maternidade de Teresa de Castro, quen por primeira vez vincula o seu nome ao da súa filla e dálle o seu apelido. Outras moitas pezas documentais, custodiadas, coma esta, no arquivo municipal da vila, permiten trazar un cadro da vida padronesa en 1842, cando Rosalía ten cinco anos e vive na casa número 4 da rúa do Sol, hoxe de Xoán Rodríguez.



Casa da familia de Rosalía en Ortoño, Ames

A súa nai, María Teresa da Cruz de Castro e Abadía, de orixe fidalga vida a menos, viviu na casa grande de Arretén. A familia da nai proviña da liñaxe dos Castro, de orixe castelá, pero establecida en Galicia dende a Idade Media (foron condes de Lemos nunha das súas pólas). Contaba trinta e dous anos cando naceu.

Nos seus primeiros anos Rosalía viviu unha infancia leda nas vilas rurais de Ortoño e Padrón. Nunha das pasaxes bibliográficas dun dos seus poemas de *Cantares Gallegos*, Castro bota unha ollada nostálxica á casa de Arretén onde viviu por tempadas canda a súa nai entre os nove e quince anos. Unha infancia lembrada por cancións, risos e as badaladas das campás. Descoñécese cantos anos estivo Rosalía en Ortoño, probablemente ata os doce que é cando marchou vivir a Santiago. Alí estuda música e debuxo na "Sociedad de Amigos del País".




Nesa mesma época participa activamente no "Liceo de la Juventud". Rosalía tiña grandes dotes de actriz e sábese que en 1854 representa no Liceo o papel principal de Rosmunda, drama de Gil y Zárate, con gran éxito. No Liceo toma contacto coa vida intelectual de Santiago e coñece a Pondal e Aurelio Aguirre. Este último exerceu gran influencia en Rosalía e que se revela sobre todo en "La flor", o primeiro libro de Rosalía.

En 1856 Rosalía trasládase a Madrid, onde vive na casa dunha prima da súa nai. Publica a colección de versos "La flor", en castelán. Murguía, que por entóns tamén residía en

Madrid, escribe un artigo moi favorable en "La Iberia", aínda con obxeccións á pouca madurez dalgúns das composicións. A deste suceso coñécense e casan o dez de outubro de 1858 en Madrid, na igrexa de San Ildefonso. Trasládanse a vivir a Santiago e ao ano seguinte teñen a primeira filla, Alejandra. Vivirán en distintos lugares segundo o destino de Murguía: A Coruña, Madrid, A Mancha, Extremadura e Simancas (onde Murguía é

nomeado xefe do "Arquivo de Simancas", despois da Revolución de Setembro). En Simancas escribiría a maioría dos poemas de "Follas Novas". En 1862 morre a súa nai. Son anos nos que pasan apuros económicos, a vida non é doada para eles.



En 1863 publícase en Vigo o seu primeiro grande libro -xa publicara varios-, "Cantares Gallegos", sen dúbida a base de todo o Rexurdimento literario e non literario da Galicia. O libro recolle o labor doutros autores como Pintos ou Añón e o que significaron os xogos florais da Coruña (1861) e o "Album de la Caridad" (1862).

O 17 de maio daquel ano firma Rosalía a dedicatoria da obra para Fernán Caballero, data adoptada, co gallo do seu centenario, como Día das Letras Galegas (1963). Na década de 1860-70, ferida pola saudade, escribe boa parte de "Cantares Gallegos" e a maioría das súas novelas.


En 1871 volven a Galicia ao ser nomeado Murguía xefe do Arquivo Xeral de Galicia instalándose na Coruña. Os derradeiros anos da súa vida pásalos en Padrón, na súa casa de A Matanza (hoxe Casa Museo de Rosalía). Alí remata *Follas Novas* e escribe *En las orillas del Sar*. Xusto en Padrón atopábase a casa solariega dos Castro, o pazo de Arretén, que por aquel entóns xa non pertencía á familia.



Casa-museo da Matanza,
Padrón

Rosalía evoca a casa nun poema de “Cantares Gallegos”, “Como chove miudiño”, así como a figura do seu avó, José de Castro Salgado, que Rosalía non chegou a coñecer. Tiña interese en publicar “Historia de mi abuelo”, pero nin chega a editarse, nin o orixinal chega ata nós, probablemente desaparecido na queima de papeis que ordenou facer á súa filla Alejandra antes de morrer.

Rosalía nunca foi unha muller forte de saúde e en 1885 agrávase o cancro que padecía, por iso decide pasar unha tempada en Carril, na ría de Arousa, xa que antes de morrer quería ver o mar.



Derradeira foto de Rosalía



Sepulcro de Rosalía no Panteón de Galegos Ilustres

Aos 48 anos, o día 15 de xullo de 1885, morre en Padrón, onde levaba tempo morando, na casa da Matanza que hoxe está convertida en museo. Foi enterrada no cemiterio da Adina, na igrexa parroquial de Iria, á que ela cantara nuns preciosos versos de “Follas Novas”.

O 25 de maio de 1891 os seus restos foron trasladados á igrexa de San Domingos de Bonaval, en Santiago, ao *Panteón de Galegos Ilustres*, onde repousa na actualidade.

2. O MITO MANIPULADO

Rosalía de Castro, era unha muller culta (falaba francés, lía obras de filosofía, relacionábase coa intelectualidade galega e mesmo española máis importante da época...), con criterios propios e contestataria, posuidora dun rexo carácter e dunha clara vontade de ser escritora, plenamente consciente do que facía cando rompía a mantenta os moldes literarios, idiomáticos, ideolóxicos e temáticos dominantes.

Rosalía é unha figura singular no contexto literario da súa época por tres aspectos:

- participa decididamente na posta en marcha dun sistema literario galego autónomo usando unha lingua marxinada
- rompe todas as barreiras temáticas
- cultiva non só a poesía, senón tamén, abundantemente, a prosa.



Rosalía de Castro é, pois, a figura máis importante e universal da literatura galega. Porén, despois da súa morte teceuse conscientemente unha **imaxe distorsionada** dela:

- unha “santiña”, unha “chorona”, unha coitada aldeá pouco culta que escribía porque lle mandaba ou lle ditaba o home, Murguía
- unha imitadora de Bécquer, romántica rezagada
- unha autora inconsciente do papel que xogaba e da importancia das súas obras
- unha versificadora espontánea sen coñecementos de arte poética...

Así o resumiu Unamuno: “*una pobre aldeana gallega metida a poeta*”...

Pola contra, Díaz Canedo di: “*Cuando todos cantaban, ella se atrevía a hablar...*”

Os feitos demostran que Rosalía era consciente de ser MULLER, GALEGA e ESCRITORA.

1. Muller

Cando Rosalía comeza a escribir:

- máis do 90% das mulleres galegas eran analfabetas.
- as escasas escritoras que había, escribían en español e trataban temas “de muller” como: a paisaxe, o amor romántico, a relixión...
- Na súa obra reivindicou os dereitos da muller nunha sociedade dominada pola desigualdade e a marxinación.
- Podemos considerala unha adiantada ao movemento feminista (que xorde arredor de 1880)



Daquelas que cantan as pombas i as frores,
Todos din que teñen alma de muller;
Pois eu que n'as canto, Virxe da Paloma,
Ai! De que a terei?

Primeiro poema de Vaguedás, Follas Novas

Decid que lo que quereis es vernos esclavas y no compañeras vuestras, decid que de un ser que siente y piensa como vosotros quereis hacer juguetes huecos...

Mara, na novela Flavio

2. GALEGA

Rosalía é consciente de que escribe nun país secularmente postrado e desconciado, marxinado.

A súa defensa da identidade galega e da escrita en galego sitúana ideoloxicamente no Provincialismo e no Rexionalismo.

Daquela, é unha precursora do nacionalismo progresista que se desenvolverá no século XX. Denuncia particularmente os abusos e as inxustizas cometidos con Galiza e cos galegos na **emigración**.



Castellanos de Castilla,
Tratade ben ôs gallegos:
Cando van, van como rosas,
Cando vên, vên como negros.
(...)

Foi a Castilla por pan,
E saramagos lle deron;
Déronlle fel por bebida,
Peniñas por alimento.
(...)

Permita Dios, castellanos,
Castellanos que aborreço,
qu'antes os gallegos morran
qu'ir a pedirvos sustento
Cantares Gallegos



Identifícase cos **problemas, sufrimentos e aspiracións das clases populares galegas**, especialmente coas “viúvas de vivos”.



Presenta unha imaxe de Galiza e da súa xente digna e normal, fronte aos prexuízos existentes. Entón, poderíase considerar **precursora do anticapitalismo**, pois defende os valores sociais e morais do pobo fronte ao individualismo e o poder do diñeiro.

Aqués que tén fama d' honrados na vila
roubáronme tanta brancura qu' eu tiña;
botáronme estrume nas galas dun día,
a roupa de cote puñéronma en tiras.
Nin pedra deixaron en dond' eu vivira;
sin lar, sin abrigo, morei nas curtiñas;
ó raso cas lebres dormín nas campías;
meus fillos... ¡meus anxos!... que tant' eu quería,
¡morreron, morreron ca fame que tiñan!
Quedei deshonorada, mucháronm' a vida,
fixéronm' un leito de toxos e silvas;
i en tanto, os raposos de sangue maldita,
tranquilos nun leito de rosas dormían.

—Salvádeme jouh, xueces!, berrei... ¡Tolería!
De min se mofaron, vendeum' a xusticia.
—Bon Dios, axudaime, berrei, berrei inda...
tan alto qu' estaba, bon Dios non m' oíra.
Estonces, cal loba doente ou ferida,
dun salto con rabia pillei a fouciña,
rondei paseniño... (ne' as herbas sentían)
i a lúa escondíase, i a fera dormía
cos seus compañeiros en cama mullida.

Mireinos con calma, i as mans estendidas,
dun golpe ¡dun soio! deixeiños sin vida.
I ó lado, contenta, senteime das vítimas,
tranquila, esperando pola alba do día.

I estonces... estonces cumpreuse a xusticia:
eu, neles; i as leises, na man qu' os ferira.

Do íntimo, Follas Novas



3. ESCRITORA

Se aínda hoxe falamos de marxinación da muller, podemos imaxinar que suporía que unha muller do XIX quixera vivir de ser escritora (daquela escribir poesía ou novelas era síntoma de frivolidade ou de depravación) e, ademais, en galego.

Rosalía reclamaba o dereito a expresar coa súa escrita non só o que sentía, senón tamén o que pensaba.

Probablemente a incompreensión que padeceu provocoulle un sentimento de desacougo existencial, de nihilismo, que converte o seu eu-poético nunha alma atormentada disposta a morrer para non padecer máis ou para expiar algunha culpa.

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pé dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.
Cando maxino que es ida,
no mesmo sol te me amostras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.
Si cantan, es ti que cantas,
si choran, es ti que choras,
i es o marmurio do río
i es a noite i es a aurora.
En todo estás e ti es todo,
pra min i en min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras.

Follas Novas



Tu no sabes lo que es ser escritora, (...) Que continuo tormento! ; por la calle te señalan constantemente, y no para bien y en todas partes murmuran de ti (...) y los hombres no cesan de decirte siempre que pueden que una mujer de talento es una calamidad (...), sobre todo los que escriben y se tienen por graciosos no dejan pasar nunca la ocasión de decirte que las mujeres deben dejar la pluma y repasar los calcetines de sus maridos...

Las literatas

OBRA EN GALEGO

Poesía


1. Cantares gallegos

Este libro, publicado en Vigo en 1863, nace da necesidade de responder ás ofensas contra Galicia e a súa xente. A autora tentou converter o galego popular nunha lingua poética á vez que reivindicou o seu uso. Ademais constitúe unha defensa do ser galego e dos seus sinais de identidade que se contrapon coa imaxe que de nós tiñan os de fóra e, como consecuencia, a pouca autoestima dos galegos. A poeta identifícase e séntese parte das clases populares, moi especialmente das mulleres, ata o punto de empregar as propias voces do pobo.

Componse dun prólogo e de trinta e seis poemas que contan cunha estrutura perfectamente pechada:



- No prólogo pide desculpas polos posibles defectos do libro e explica as razóns da súa decisión de cantar en galego:




- ✓ reivindicar a validez e capacidade do galego como idioma no que se pode escribir poesía.
- ✓ Denunciar o maltrato e marxinación que padece o noso país.
- ✓ Combater a imaxe negativa e falsa que tiña Galicia aínda nesa época.

- Un poema inicial no que cede a voz a unha moza do pobo para que cante

Has cantar,
meniña gaiteira;
has de cantar,
que me morro de pena

- 34 poemas de diversa temática
- Un poema final a modo de epílogo, onde aparece de novo esa voz que declara que cumpriu o que se lle mandara e pide excusas pola súa falta de habilidade para amosar as belezaas

Eu cantar, cantar, cantei,
A grasia non era moita,
Que nunca (delo me pesa)
Fun eu meniña grasirosa.



da nosa terra.

O protagonista da obra é o pobo galego que Rosalía mostra como capaz de facer poesía.

Os poemas empregan a técnica da glosa, é dicir, conteñen un cantar popular e a repetición do mesmo ao comezo, despois de cada estrofa ou ao final do poema.



Os principais temas presentes na obra, podemos clasificalos en:

- **Costumismo**, ou cadros folclóricos propios da nosa tradición. Fan referencia a romarías, festas, bailes, lendas, trabalos da aldea, personaxes populares... («San Antonio bendito», «Un repoludo gaiteiro»...)

- **Social e patriótico**. A voz poética identifícase co país para lamentarse, defender ou denunciar as situacións de marxinación como a emigración, a pobreza ou a situación da muller («Adios Ríos, adios fontes», «Airiños, airiños, aires»).

- **Intimismo**. Rosalía fala directamente, a través dun eu lírico, para expresar sentimentos persoais como a melancolía, a soidade e a lembranza dos antepasados e da infancia («Campanas de Bastabales», «Como chove miudiño»...).



- **Amorosos** nos que se expoñen coitas sentimentais por medio de monólogos ou diálogos entre homes e mulleres («Quíxente tanto, meniña», «Cando a luniña aparece»...)



2. Follas Novas



Rosalía de Castro publicou *Follas novas* en 1880, aínda que foi escrito a súa maior parte nos anos 60 durante a súa estancia en Simancas.

Estrutura e núcleos temáticos

O libro aparece estruturado nun prólogo («Dúas palabras da autora»), e 137 poemas divididos en 5 partes tituladas pola autora:

- «Vaguedás». Reflexións sobre a escrita feminina («Daquelas que cantan»), e sobre os trazos e contidos da súa obra («Follas novas, risa dáme»). Tamén fala das súas vivencias e do seu estado de ánimo, caracterizado polo desasosiego, o cansazo de vivir, o pesimismo e a melancolía («A man nerviosa e palpitante o seo»)

Daquelas que cantan as pombas i as frores
Todos din que teñen alma de muller,
Pois eu que n'as canto, Virxe da Paloma,
Ai!, de que a terei?



- «Do íntimo». A angustia ante o paso do tempo, o amor, o desamor, o temor polo porvir, o silencio de Deus ante as inxustizas deste mundo, a brevidade da alegría e da felicidade ou o desespero que produce a soidade. É nesta parte onde se vai perfilando un dos símbolos enigmáticos da súa poesía: o da “negra sombra”.

Caín tan baixo, tan baixo,
Que a luz onda min non vai;
Perdín de vista as estrelas
E vivo na escuridá.

- «Varia». A variedade de temas tratados responde ao título deste apartado. Aparecen lendas e refráns da terra («N’ha peor meiga que unha gran pena»). Censura o papel da superstición, comprende a muller deshonrada por amor e denuncia a cobiza dos ricos e a hipocrisía social («Tempra un neno no húmido pórtico»).
- «Da terra». Recupera o modelo, aínda que desde unha perspectiva menos amable e máis reflexiva, dos poemas de Cantares Gallegos con personaxes e escenas populares («Miña casiña, meu lar», «A probiña que está xorda...»), e con denuncias sobre a discriminación e explotación da muller («Xan»)
- «As viúdas dos vivos e as viúdas dos mortos»: ten como tema central a emigración. A mulleres, dobremente marxinadas por este drama, sofren polo traballo e pola ausencia dos homes.



Tecín soa a miña tea,
Soia vou por leña ó monte,
Sembrei soa o meu nabal,
Soia a vexo arder no lar.

Rosalía ofrécenos unha visión desolada do mundo e da vida. Descómbrenos un sentimento de soidade, relacionado coa dor inevitable do ser humano.

Desde un vista temático, as dúas primeiras partes conteñen poesía de carácter intimista, mentres que nas dúas últimas predomina a de tipo social ou solidario. Na terceira («Varia») hai poemas intimistas e sociais.

A PROSA

Aínda que Rosalía de Castro é considerada unha figuras indiscutibles no panorama poético, tamén conservamos textos en prosa. Mostra disto son **os prólogos** de *Cantares gallegos* e *Follas novas* e o **«Conto gallego»**.

No prólogo de *Cantares gallegos* Rosalía expón a intención do libro: defender o espírito galego, enxalzar as súas xentes, a cultura e a lingua galega; denunciar as inxustizas e o abandono que sofre o noso país e os seus habitantes.


Cantos, bágoas, queixas, sospiros, seráns, romerías, paisaxes, devesas, pinares, soidades, ribeiras, costumes, todo aquilo, en fin, que pola súa forma e colorido é dino de ser cantado, todo o que tuvo un eco, unha voz, un runxido por leve que fose, con tal que chegase a conmoerme, todo esto me atrevín a cantar neste ho-milde libro pra desir unha vez siquera i anque sea torpemente, ós que sin razón nin coñecemento algún nos desprezan, que a nosa terra é dina de alabanzas, e que a nosa lingua non é aquela que bastardean e champurran torpemente nas máis ilustradísimas provincias cunha risa de mofa que, a desir verdade (por máis que esta sea dura), demostra a ñorancia máis crasa i a máis imperdoable inxusticia que pode facer unha provincia a outra provincia hirmán por probe que esta sea.

Rosalía de Castro, Cantares gallegos

O prólogo de *Follas novas* titúlase «Dúas palabras da autora» e nel, podemos apreciar a profundidade do pensamento da obra. Tamén se desculpa pola demora na publicación e advirte do ton melancólico e de saudade que se reflicten nas súas composicións e anuncia que non ten intencións de volver escribir en galego.

[...] Galicia era nos Cantares o obxecto, a alma enteira, mentras que neste meu libro de hoxe, ás veces, tan soio a ocasión, anque sempre o fondo do cuadro: que si non pode, se non ca morte despirse o espírito das envolturas da carne, menos pode o poeta prescindir do medio en que vive [...] Vin e sentín as súas penas como si fosen miñas, mais o que me conmoveu sempre, e polo tanto non podía deixar de ter un eco na miña poesía, foron as innumerables coitas das nosas mulleres [...].

Rosalía de Castro, Follas novas



O «Conto Gallego» foi publicado despois da súa morte, en 1923. Trátase dun conto popular que presenta unha estrutura dialogada de carácter dramático, onde o narrador fai pequenas intervencións respecto da situación espacial ou temporal da historia. Cóntase unha aposta feita por dous homes sobre se un deles é quen de conseguir palabra de casamento dunha muller o mesmo día que ela enterra o seu home.

Non está presente ningunha crítica directa, polo que semella ser un reflexo da sociedade da época, en que a escasa consideración da muller e desprotección social e legal era evidente.

4. A LINGUA



Ante a falta dunha tradición literaria en galego, Rosalia (como outros autores do Rexurdimento e Prerexurdimento) parte da lingua falada, no seu caso da lingua falada na zona de Santiago. Escribe nun galego espontáneo e coloquial, cunha sintaxe sinxela. É polo tanto un léxico no que aparecen castelanismos (Dios, dicha...), vulgarismos (probe, espranza...) e hipergaleguismos (pacencia, concencia..). O trazo dialectal que máis evidente é o seseo (nasín, graciosa...).

Lingua
falada de
Santiago

5. A MÉTRICA

En **Cantares Gallegos** predominan as formas métricas de arte menor de orixe popular: muiñeira (“Has de cantar”, “Vente rapasa”, “Si a vernos, Marica, nantronte viñeras...”) e romance que é o máis frecuente.

Outras son de orixe culta como a décima, a oitava real, a sextina, a quintilla e a cuarteta e a redondilla.

En **Follas novas** da métrica popular emprega a asonancia e formas como o ritmo de muiñeira, o romance, cuarteta asonantada. O carácter innovador do libro, desde o punto de vista métrico, dáse no uso de versos de arte maior, nas combinacións métricas insólitas (octosílabos con hendecasílabos, heptasílabos con pentasílabos...) e no emprego de estrofas diferentes nunha mesma composición.



arte menor

métrica popular

ARTE MAIOR

Combinaciones insólitas

FOLLAS NOVAS

APÉNDICE: OBRA

		POESÍA	PROSA
1857	Castelán	La Flor	
1858	Castelán		Lieders
1859	Castelán		La hija del mar (novela)
1862	Galego	Poemas (Álbum de la Caridad)	
	Castelán		Flavio (novela)
1863	Castelán	A mi madre	
	Galego	Cantares Gallegos	
1864	Galego		Conto gallego
1866	Castelán		Las literatas, El cadiceño, Ruinas (novela)
1867	Castelán		El caballero de las botas azules (novela)
1880	Galego	Follas Novas	
1881	Castelán		El primer loco (novela), El domingo de ramos, Padrón y las inundaciones, Costumbres gallegas.
1884	Castelán	En las orillas del Sar	